

de abril, no Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e demais normativa concordante, esta consellería

DISPÓN:

Convocar os/as aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de enxeñeiros de telecomunicacións, ao acto de elección de destino provisional que terá lugar no salón de actos pequeno da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificio administrativo San Caetano, s/n, Santiago de Compostela), o día 23 de setembro de 2009, ás 10.00 horas.

Os/as aspirantes convocados poderán elixir entre os postos que se relacionan no anexo desta orde segundo a orde acadada no proceso selectivo, sempre que reúnan as condicións exixidas nel.

Os aspirantes da quenda de promoción interna terán en todo caso preferencia sobre os aspirantes provenientes do sistema de acceso libre para cubrir as vacantes correspondentes.

Os/as aspirantes deberán ir provistos de DNI ou outro documento que acredite fidedignamente a súa personalidade; no caso de non comparecer persoalmente, poderán ser representados por terceiras persoas con poder notarial suficiente.

Aos/ás aspirantes que non comparezan persoalmente ou por medio de representantes seranlles adxudicadas en destino provisional as prazas que

lles correspondan atendendo á orde de publicación destas e ao número obtido no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso de adxudicación das prazas aos/ás aspirantes presentes ou representados, entre as que quedasen sen adxudicar.

No caso de solicitar excedencia voluntaria por incompatibilidade, deberán presentarse ao chamamento cun certificado do responsable da unidade de Persoal en que conste que o interesado presta servizos na actualidade na Administración, ou ben documentación que o acredite.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase presentar recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Facenda, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde esa mesma data, no caso dos aspirantes da quenda de promoción interna ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela e, no caso dos do sistema de acceso libre, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2009.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

ANEXO

Relación de vacantes do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de enxeñeiros de telecomunicacións

Núm.	Código do posto	Cons.	Denominación	Nivel	Centro destino	Centro directivo	Concello	Formación Titulacións
1	PR3020000115770033	PR	Enxeñeiro telecomunicacións funcións facultativas	26	S. X. de Telecomunicacións e Audiovisual	Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual	Santiago de Compostela	Enxeñería de telecomunicacións
2	ICC0300000115770007	EI	Enxeñeiro superior	26	D.X. de Investigación, Desenvolvemento e Innovación	Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación	Santiago de Compostela	Enxeñería de telecomunicacións

Orde do 9 de setembro de 2009 pola que se convocan para a elección de destino provisional os/as aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de biólogos, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007.

En virtude da orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 28 de decembro de 2007 (DOG número 7, do 10 de xaneiro de 2008), convocouse o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de biólogos.

O tribunal designado para cualificar o dito proceso acordou facer pública e elevar á Dirección Xeral

da Función Pública a relación de aspirantes que o superaron na súa Resolución do 30 de xuño de 2009 (DOG número 138, do 16 de xullo).

Co obxecto de que os/as aspirantes que superaron o dito proceso selectivo poidan ser nomeados funcionarios do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de biólogos, e segundo o disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, no Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e demais normativa concordante, esta consellería

DISPÓN:

Convocar os/as aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo supe-

rior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de biólogos, ao acto de elección de destino provisional que terá lugar no salón de actos pequeno da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificio administrativo San Caetano, s/n, Santiago de Compostela), o día 22 de setembro de 2009, ás 10.30 horas.

Os/as aspirantes convocados poderán elixir entre os postos que se relacionan no anexo desta orde segundo a orde acadada no proceso selectivo, sempre que reúnan as condicións exixidas nel.

Os/as aspirantes da quenda de promoción interna terán en todo caso preferencia sobre os/as aspirantes provenientes do sistema de acceso libre para cubrir as vacantes correspondentes.

Os/as aspirantes deberán ir provistos de DNI ou outro documento que acredite fidedignamente a súa personalidade; no caso de non comparecer persoalmente, poderán ser representados por terceiras persoas con poder notarial suficiente.

Aos/ás aspirantes que non comparezan persoalmente ou por medio de representantes seranlles adxudicadas en destino provisional as prazas que lles correspondan atendendo á orde de publicación destas e ao número obtido no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso de adxudicación das

prazas aos/ás aspirantes presentes ou representados, entre as que quedasen sen adxudicar.

No caso de solicitar excedencia voluntaria por incompatibilidade, deberán presentarse ao chamamento cun certificado do responsable da unidade de persoal en que conste que o interesado presta servizos na actualidade na Administración, ou ben documentación que o acredite.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase presentar recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Facenda, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde esa mesma data, no caso dos aspirantes da quenda de promoción interna, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, e, no caso dos do sistema de acceso libre, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2009.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

ANEXO

Relación de vacantes do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de biólogos

Núm.	Código do posto	Cons.	Denominación	Niv.	Centro destino	Centro directivo	Concello	Formación	Titulación	Observacións
1	MAC05000336001003	MA	Posto base grupo A	20	Centro de Investigacións Ambientais de Lourizán	D. X. de Desenvolvemento Sostible	Pontevedra		Lic. biolóxicas Lic. ciencias do mar	Vinculado escala de investigación
2	MAC05000336001004	MA	Posto base grupo A	20	Centro de Investigacións Ambientais de Lourizán	D. X. de Desenvolvemento Sostible	Pontevedra		Lic. biolóxicas	Vinculado escala de investigación
3	MAC991000015001009	MA	Posto base grupo A	20	Departamento Territorial A coruña	Servizos periféricos	A Coruña		Lic. biolóxicas	
4	MAC991000027001014	MA	Posto base grupo A	20	Departamento Territorial Lugo	Servizos periféricos	Lugo		Lic. biolóxicas	
5	MAC991000036001008	MA	Posto base grupo A	20	Departamento Territorial Pontevedra	Servizos periféricos	Pontevedra		Lic. biolóxicas	
6	MRC060010432400009	MR	Posto base grupo A	20	Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Leiro-Ourense)	Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal	Leiro	Para persoal doutra administración, curso de iniciación de galego (R.I.), experiencia en investigación vitivinícola de 2 anos ou doutoramento en materia vitivinícola (R.I.).	Lic. biolóxicas, enxeñaría agrónoma	
7	MRC060010432400011	MR	Posto base grupo A	20	Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Leiro-Ourense)	Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal	Leiro	Experiencia en investigación vitivinícola de 2 anos ou doutoramento en materia vitivinícola (R.I.).	Licenciado en tecnoloxía dos alimentos Lic. biolóxicas Lic. ciencias químicas	
8	PEC040000015770007	PE	Posto base grupo A	20	D. X. de Estruturas e Mercados da Pesca	Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca	Santiago de Compostela		Lic. biolóxicas Lic. ciencias do mar	
9	PEC991000015001006	PE	Posto base grupo A	20	Departamento Territorial A Coruña	Servizos periféricos	A Coruña		Lic. biolóxicas Lic. ciencias do mar	
10	PEC993000015350004	PE	Posto base grupo A	20	Deleg. Comarcal ferrol	Servizos periféricos	Ferrol		Lic. biolóxicas Lic. ciencias do mar	
11	PEC993000015720007	PE	Posto base grupo A	20	Deleg. Comarcal Ribeira	Servizos periféricos	Ribeira		Lic. biolóxicas Lic. ciencias do mar	Ocupado laboral fixo
12	PEC993000036590010	PE	Posto base grupo A	20	Deleg. Comarcal Vilagarcía	Servizos periféricos	Vilagarcía de Arousa		Lic. biolóxicas Lic. ciencias do mar	